XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Dirección Xeral de Innovación e
Xestión da Saúde Pública

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542930 - Fax: 881542970
www.sergas.es

galicia

Instrución de desenvolvemento do *Real Decreto-lei 16/2012 de 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións* para a prestación da asistencia sanitaria en Galicia as persoas que non teñen a condición de asegurado ou de beneficiario do mesmo recoñecido polo INSS.

Orixe: Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública

Destino: Xerencias do Servizo Galego de Saúde e Xefaturas territoriais da Consellería de Sanidade.

A entrada en vigor, o pasado 24 de abril de 2012, do *Real decreto-lei 16/2012 de 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións* e do *Real Decreto 1192/2012, de 3 de agosto, polo que se regula a condición de asegurado e de beneficiario a efectos da asistencia sanitaria en España, con cargo a fondos públicos, a través do Sistema Nacional de Saúde,* marca claramente a condición de asegurado e de beneficiario do mesmo a efectos da prestación de servizos sanitarios e sinala que o recoñecemento e control da condición de asegurado ou de beneficiario corresponde ao Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) e ao Instituto Social da Mariña (ISM).

Serán as administracións sanitarias competentes de cada comunidade autónoma as que facilitarán o acceso á asistencia sanitaria as persoas co dereito recoñecido coa condición de asegurado ou beneficiario do mesmo, emitindo a tarxeta sanitaria individual.

A Consellería de Sanidade e o órgano competente para emitir a tarxeta sanitaria en Galicia, documento que acredita as persoas residentes na nosa comunidade para o acceso a asistencia sanitaria pública, segundo recolle o *Decreto 177/1995, do 16 de xuño, que regula a tarxeta sanitaria.*

Dentro do marco da citado *Real decreto-lei,* no artigo 1 que modifica a *Lei 16/2003, de 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde,* no seu punto Tres *e da s disposicións adicionais cuarta e quinta do Real Decreto 1192/2012, de 3 de agosto, polo que se regula a condición de asegurado e de beneficiario a efectos da asistencia sanitaria en España, con cargo a fondos públicos, a través do Sistema Nacional de Saúde* sinalan unha serie de situacións especiais de asistencia sanitaria no caso das persoas estranxeiras non rexistradas nin autorizadas como residentes en España, que poderán recibir asistencia sanitaria polo servizo de saúde da comunidade en que se encontren e no caso de persoas solicitantes de protección internacional e para vítimas da trata de seres humanos en período de restablecemento e reflexión, sendo esta instrución o desenvolvemento da citada normativa a nivel de Galicia.

Igualmente, dende a Consellería de Sanidade, para as persoas que a partir do 01.09.2012 non teñan dereito á asistencia sanitaria coa condición de asegurado ou beneficiario recoñecida polo Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) e que non poidan subscribir un convenio especial, se promove o *Programa galego de protección social da*

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542930 - Fax: 881542970
www.sergas.es

saúde pública como vía para a prestación de asistencia sanitaria en Galicia, e tamén programas para a atención aos problemas de saúde pública deste colectivo que poidan supoñer un risco potencial para o conxunto da cidadanía, e precisen dun adecuado control e seguimento.

Por todo o anterior, e co obxectivo principal de facer efectiva a prestación da asistencia sanitaria en situacións especiais habilitase un procedemento específico, para o que

DISPOÑO

Primeiro. Ámbito de aplicación

a) As persoas, con documentación identificativa válida e en vigor, que a partir do 01.09.2012 non teñan dereito á asistencia sanitaria coa condición de asegurado ou beneficiario recoñecida polo Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) e que non poidan subscribir un convenio especial, poderán solicitar a inclusión no *Programa galego de protección social da saúde pública* para a prestación de asistencia sanitaria en Galicia.
A Consellería de Sanidade ditará as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación do citado programa.

b) Así mesmo, as persoas estranxeiras non rexistradas nin autorizadas como residentes en España, que se encontren en Galicia, e que non teñan nin poidan ter asistencia sanitaria pública polas vías regulamentadas en España, nin exportar o dereito dende o seu país de procedencia, nin poidan incluírse no *Programa galego de protección social da saúde pública,* recibirán a asistencia sanitaria por parte do Servizo Galego de Saúde, nas seguintes modalidades:
    - De urxencia por enfermidade grave ou accidente, calquera que sexa a causa, ata a situación de alta médica.
    - De asistencia ao embarazo, parto e posparto.
    - Os estranxeiros menores de 18 anos recibirán asistencia sanitaria nas mesmas condicións ca do resto da poboación protexida en Galicia.

c) O Servizo Galego de Saúde prestará asistencia sanitaria a aqueles casos particulares nos que existe unha autorización para estar en España polos seguintes motivos, mentras a persoa permaneza nesa situación:
    - Solicitantes de protección internacional.
    - Vítimas da trata de seres humanos en período de restablecemento e reflexión.

d) En calquera caso, as prestación recollidas nos programas de saúde pública para enfermidades que supoñan risco para a comunidade son aplicables a toda a poboación que reside en Galicia.

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542930 - Fax: 881542970
www.sergas.es

Segundo. Acceso á asistencia sanitaria e prestacións contempladas

O acceso á asistencia sanitaria será nas seguintes modalidades e condicións:

a) *Programa galego de protección social da saúde pública*:
   - De acordo coas disposicións específicas para o desenvolvemento e aplicación do citado programa.

b) De urxencia por enfermidade grave ou accidente:
   - A atención sanitaria incluirá a prestada nos dispositivos do Servizo Galego de Saúde para a atención das urxencias, ata a súa alta médica nos mesmos, sen menoscabo doutras situacións de urxencia vital que necesiten ser atendidas.

c) De asistencia ao embarazo, parto e posparto:
   - A atención sanitaria incluirá a correspondente ás especialidades de Obstetricia, Xinecoloxía e Atención Primaria en todos os procesos relacionados co embarazo, parto e posparto.
   - O período que abarca esta modalidade de asistencia é dende a confirmación do embarazo polo Servizo Galego de Saúde, ata dous meses despois da data probable de parto.

d) Aos estranxeiros menores de 18 anos:
   - A atención sanitaria será nas mesmas condicións ca do resto da poboación protexida en Galicia.

e) Para solicitantes de protección internacional e para vítimas da trata de seres humanos en período de restablecemento e reflexión:
   - A atención sanitaria necesaria incluirá o tratamento básico das enfermidades. Así mesmo, proporcionarase a atención necesaria médica ou doutro tipo, aos solicitantes de protección internacional con necesidades particulares ou especiais.

f) Programas de saúde pública no caso de enfermidades que supoñan risco para a saúde da cidadanía, para aquelas persoas que non poidan recibir asistencia sanitaria por outra vía.
   - A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde establecerán programas específicos e emitirán instrucións sobre o procedemento de atención nesta modalidade.
   - En todo caso, a atención sanitaria cubrirá o diagnóstico e tratamento da enfermidade ata a alta médica do proceso, con independencia do dispositivo/s onde se preste.
   - A dispensación farmacéutica necesaria para as enfermidades incluídas nestos programas de saúde pública realizarase nos centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde.

Terceiro. Cota de aportación farmacéutica

A cota de aportación farmacéutica asignada a aquelas persoas que non están recoñecidas como asegurados ou beneficiarios polo INSS, se acomodará o establecido para os cidadáns comunitarios e de países con convenios bilaterais de asistencia sanitaria da Seguridade Social non identificados como pensionistas, excepto naquelas situacións especiais sinaladas polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, nas que se inclúen:

- De urxencia por enfermidade grave ou accidente: Non financiable
- De asistencia ao embarazo, parto e posparto: 40%
- Aos estranxeiros menores de 18 anos: 40%

Cuarto. Procedemento de tramitación

Segundo a modalidade da asistencia sanitaria a prestar o procedemento de tramitación será o seguinte:

a) Para todos os casos de situacións especiais será necesario que o interesado ou persoa que o representa[1] presente persoalmente a solicitude da asistencia sanitaria:
   - Cada vez que a precise a modalidade de urxencia por enfermidade grave ou accidente.
   - A primeira vez que solicita a asistencia no resto das situacións especiais.

b) Na modalidade de asistencia ao embarazo, parto e posparto é necesario que exista constancia do mesmo, mediante informe emitido por un facultativo do Sistema Nacional de Saúde.

c) A administración sanitaria expedirá un documento que sinalará a modalidade de asistencia sanitaria e a súa validez, nos seguintes casos:
   - *Programa galego de protección social da saúde pública*: a validez será a sinalada pola Consellería de Sanidade nas disposicións que desenvolvan o citado programa.
   - Asistencia ao embarazo, parto e posparto, con validez dende a constatación do embarazo ata dous meses despois da data probable de parto
   - Para os estranxeiros menores de 18 anos: ata a maioría de idade.
   - Para solicitantes de protección internacional e para vítimas da trata de seres humanos en período de restablecemento e reflexión: ata a data que consta no documento que autoriza a estadía temporal.
   - Programas de saúde pública de enfermidades que supoñan risco para a saúde da comunidade: dende a data da solicitude ata a alta médica nese proceso de enfermidade concreto.

[1] Pai/nai/titor legal ou representante legal, sempre con documentación acreditativa desa representación.

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542930 - Fax: 881542970
www.sergas.es

Este documento deberá presentarse no momento de acceder aos centros e servizos sanitarios, xunto cun documento acreditativo da súa identidade, sen perxuizo de que sexa o *Sistema de Información Poboacional de Galicia* o sistema que acredita en cada momento a situación, modalidade de asistencia sanitaria e período de validez.

O/a titular do documento ou persoa que o representa poderá solicitar os cambios que sexan precisos ou as reposicións por perda ou deterioro, nas condicións normativas vixentes en cada momento.

d) O lugar da tramitación das solicitudes será o seguinte, segundo o tipo de modalidade de asistencia sanitaria:

- Puntos de acreditación continuada (PAC) ou servizos de urxencias hospitalarios:
  - Asistencia de urxencia por enfermidade grave ou accidente
- Centro de saúde:
  - *Programa galego de protección social da saúde pública*
  - Asistencia de urxencia por enfermidade grave ou accidente
  - Asistencia ao embarazo, parto e posparto.
  - Estranxeiros menores de 18 anos, as solicitudes faranse a través dos/as traballadores/as sociais (para coñecer a situación da unidade familiar do menor).
  - Solicitantes de protección internacional.
  - Vítimas da trata de seres humanos en período de restablecemento e reflexión.

- Centro hospitalario:
  - Programas de saúde pública de enfermidades que supoñan risco para a saúde da comunidade, que se tramitarán a través das unidades que se indiquen nas instrucións de desenvolvemento en cada caso.

Quinto. Comunicación e control das modificacións nas circunstancias que deron lugar á prestación da asistencia sanitaria

a) As persoas que teñan regularizada a súa situación en relación á asistencia sanitaria nalgunha das situacións anteriormente citadas constarán no *Sistema de Información Poboacional de Galicia* e deberán comunicar á Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde, calquera modificación das circunstancias persoais, familiares e de residencia que poidan supoñer a extinción da prestación de asistencia sanitaria por incumprimento dos requisitos, no prazo máximo dun mes, contado dende o momento en que dita modificación se produza.

b) O incumprimento desta obriga ou a comunicación inexacta ou fraudulenta nos datos proporcionados pode dar lugar á variación ou extinción da prestación da asistencia

sanitaria, podendo realizarse con efectos retroactivos dende o momento en que se produciu.

Todo elo sen afectar á obriga do interesado de reintegrar ao Servizo Galego de Saúde, cando proceda, o custo das prestacións obtidas indebidamente con posterioridade ao momento en que debería variarse ou extinguirse a prestación da asistencia sanitaria por estas modalidades.

c) A administración sanitaria poderá comprobar que se seguen cumplindo as condicións que deron lugar a prestación da asistencia sanitaria, requerindo documentación ao propio interesado.

d) As comunicacións das variacións referidas nos apartados a) e b) enténdense sen menoscabo dos controis que a Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde poidan levar a cabo, derivados dos cruces periódicos coas Mutualidades públicas, co Padrón e co Sistema Nacional de Saúde.

Sexto. Información as persoas que non ostentan a condición de asegurado ou beneficiario recoñecido polo Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) a partir do 01.09.2012

a) Ao contactar co sistema sanitario público se lles informará das posibles vías polas que poden acceder á asistencia sanitaria pública, segundo a súa situación persoal, e que poderán tramitar para seguir recibindo a asistencia sanitaria polo Servizo Galego de Saúde :

- Como asegurado ou beneficiario, recoñecido polo INSS.
- Como subscritor dun convenio especial.
- Como subscritor do *Programa galego de protección social da saúde pública* As persoas, con documentación identificativa válida e en vigor, que a partir do 01.09.2012 non teñan dereito á asistencia sanitaria coa condición de asegurado ou beneficiario e que non poidan subscribir un convenio especial, poderán solicitar a inclusión no Programa galego de protección social da saúde pública para a prestación de asistencia sanitaria, de acordo coas súas instrucións específicas para o ámbito de Galicia, se non poseen outra vía de acceso regulamentada.
- Como persoa estranxeira non rexistrada nin autorizada como residente en España, nas modalidades de situacións especiais existentes.
- Como persoa autorizada para estar en España como solicitante de protección internacional ou como vítima da trata de seres humanos en período de restablecemento e reflexión.
- Como privado.

b) Terán un prazo de seis meses para tramitar a prestación da asistencia sanitaria en Galicia polas vías regulamentarias, a contar dende a primeira asistencia sanitaria prestada polo Servizo Galego de Saúde dende o 01.09.2012.

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542930 - Fax: 881542970
www.sergas.es

Séptimo. Ámbito xeográfico das prestacións de asistencia sanitaria

As prestacións de asistencia sanitaria para as persoas incluídas nestas situacións están recoñecidas para o ámbito xeográfico de Galicia e nas condicións sinaladas para cada modalidade, non dando dereito no resto do Estado español nin no estranxeiro, pois estas persoas non ostentan a condición de asegurado nin de beneficiario do mesmo, recoñecido polo INSS.

Santiago de Compostela, a 31 de agosto de 2012